Padrón

Exmo. Concello de Padrón
CIF P-1506600 D
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL. ANO 2012.

1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Padrón para a prestación de servicios ou a realización de actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do Municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento das subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base nº 43 de execución do orzamento en vigor, prorrogado para o exercicio económico 2012.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1.- Promoción de actividades culturais: enténdense por elas actividades tales coma celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, estudios, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas para as actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida orzamentaria 334/480.02 do orzamento xeral vixente, prorrogado para o 2012, e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 4.000,00 euros.

2.2.- Promoción de festexos populares: as axudas deste apartado cofinanciarán actividades de carácter festivo realizadas por entidades cidadás, que teñan carácter tradicional e cultural, e con posibilidade de acceso ao público en xeral, sen pago de entrada.

O gasto derivado das subvencións outorgadas para actuacións recollidas neste apartado imputarase á a partida orzamentaria 334/480.01 do orzamento xeral vixente, prorrogado para o 2012, e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 2.400,00 euros.

Serán actividades subvencionables, ao abeiro das presentes bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos concedidos en concepto de subvención e a aprobación pola Xunta de Goberno Local da conta xustificativa presentada polos beneficiarios.

Non serán subvencionables investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas. Así, tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, auga, luz, gas, etc...) nin os gastos de bebidas alcohólicas. Asimesmo, tampouco poden ser obxecto de subvención aquelas actividades xa suxeitas a un convenio de colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal. Tampouco serán gastos subvencionables as cantidades satisfeitas ao Concello de Padrón polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, superen o custo da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas ou entidades públicas ou privadas xurídicamente constituídas, así coma as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran as seguintes condicións:

1. carecer de fins de lucro
2. desenvolver as súas actividades no termo municipal
3. non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Padrón
4. non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.

Además, salvo no caso das agrupacións sen personalidade xurídica, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Padrón.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- PRAZO: As solicitudes deberán presentarse no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da exposición das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello e da súa publicación na páxina web municipal www.concellodepadron.es .

4.2.-LUGAR: Rexistro xeral de entrada do Concello de Padrón.

4.3.- DOCUMENTACIÓN:

1) Solicitude, segundo modelo normalizado que se facilitará polo Concello, asinada polo presidente da Entidade ou por quen teña conferida a delegación e acompañada da fotocopia compulsada do DNI. En dita solicitude será preciso incluír o programa detallado da actividade ou servicio para o que se solicita a subvención, así coma o orzamento desglosado da actividade a realizar ou xa realizada. A solicitude de subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto ou realizado.

2) No caso de agrupacións sen personalidade xurídica (como as comisións de festas), a solicitude de subvención deberá ser presentada por unha persoa física nomeada polos membros da mesma no modelo normalizado que se facilitará polo Concello. Para a comprobación deste extremo esixirase acompañar a solicitude de copia compulsada da acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda a cumprimentar os seus trámites, a percibir as cantidades concedidas coma subvención e a xustificar a mesma. Además, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copia compulsada dos DNI de cada un deles.

3) Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

4) Copia compulsada do CIF da entidade (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica).

5) Declaración responsable de non estar a Asociación incursa en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da LXS.

6) Declaración responsable de que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración Estatal, Autonómica e Local e coa Seguridade Social, en cumprimento do disposto no artigo 24 do RD 887/2006 de 21 de xullo.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requerirase a corrección ou rectificación no prazo máximo de tres días hábiles, arquivándose o expediente sen máis trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

5.1.- Subvencións para actividades culturais: cada solicitude poderá obter 10 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

a) en función do número de persoas beneficiado directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.

b) en función do carácter continuo e non simplemente ocasional, das actividades programadas: 3 puntos como máximo.

c) en función do número de actividades concretas realizadas: 0,20 puntos por cada actividade, cun máximo de 4 puntos.

5.2.- Subvencións para festexos populares: cada solicitude poderá obter 10 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

a) en función do número de veciños da parroquia:4 puntos como máximo

b) en función do número de días de duración da festa patronal: 4 puntos como máximo.

c) en función do número de actividades concretas a realizar: 0,20 puntos por cada actividade, cun máximo de 2 puntos.

En base aos criterios anteriormente expostos, a Comisión de Valoración establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e dacordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvención aos diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos mesmos, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

6.- PROPOSTA DE SUBVENCIÓNS

A Comisión de Valoración de subvencións procederá a formular a proposta de concesión de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue

VOGAIS: A Concelleira delegada de cultura

A Concelleira delegada de festexos

A animadora Social Municipal

A animadora cultural Municipal

O Técnico de xestión económica

SECRETARIA: Dna. Pilar González Castro, funcionaria da Corporación.

A Comisión de Valoración poderá recabar a axuda que estime oportuna dos servicios municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

Unha vez efectuada a proposta de concesión de subvencións pola Comisión de Valoración, esta será fiscalizada pola Intervención Municipal.

Tras a súa fiscalización, elevarase dita proposta á Xunta de Goberno Local, órgano competente para conceder e denegar as subvencións mediante acordo expreso no que se especifique a relación de solicitantes aos que se lles conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será o 30 de novembro de 2012.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados dacordo co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992. A resolución de concesión farase pública mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras entidade públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das subvencións terán que cumprir as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da axuda dacordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente para os fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando para elo canto información lles sexa requerida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan coa subvención do Concello de Padrón.
4. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Xustificar o gasto realizado improrrogablemente antes do 17 de decembro de 2012, dacordo co previsto na base seguinte.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación farase baixo a responsabilidade do declarante e deberá presentarse no Rexistro xeral de entrada do Concello, improrrogablemente antes do 17 de decembro de 2012. Deberá presentarse a documentación da conta xustificativa simplificada que se une como anexo ás presentes bases e que será facilitada no Concello, a que se unirá a seguinte documentación:

1) Certificación bancaria do número de conta a nome da entidade beneficiario no que debe facerse o ingreso da subvención.

2) facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida. Nas devanditas facturas deberá facerse constar unha dilixencia que acredite que as mesmas se utilizan para xustificar a subvención concedida polo Concello de Padrón.

Unicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realizaran no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificados totalmente os gastos realizados. No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, por acordo da Xunta de Goberno Local iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso.

10.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarios, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos, dará lugar á cancelación da subvención e a obriga de reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

11.- COMPATIBILIDADE

As presentes subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calesquera outra Administración Pública ou ente público ou privado.

12.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da LXS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na LXS, así coma na base nº 43 de execución do orzamento en vigor, prorrogado para o 2012.